

**BASES PARA A SELECCIÓN DO DIRECTOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "EO - NAVIA II"  
CONCELLO DE A PONTENOVA**

**Primeira .- Obxecto.**

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 11 da orde do 4 de maio de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia , e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (DOG nº97, do 23 de maio de 2018), establecer o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección do persoal de dirección que participará no obradoiro de emprego “ Eo - Navia II ”, promovido polo Concello de A Pontenova e subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Posto convocado: 1 posto de director/a

**Segunda.- Características dos contratos de traballo**

O contrato de traballo que subskribirá a entidade promotora coa persoa candidata seleccionada terá carácter, temporal, cunha duración de nove meses e será a xornada completa.

A persoa que resulte seleccionada estará sometida ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 4 de maio de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. As persoas seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacóns de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

**Terceira- Funcións do posto de traballo**

As funcións que, con carácter xeral, corresponden ao posto de traballo obxecto desta convocatoria, son:

- Coordinación xeral do obradoiro de emprego, garantindo que se cumplan os obxectivos perseguidos coa posta en funcionamento do obradoiro de emprego.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador e a labor educativa do persoal docente.
- Superior dirección do persoal, controlando que cumplan coas súas obrigas, especialmente aquelas que deriven da aplicación da normativa de Seguridade e Saúde laboral.
- Responsabilizarse de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais e a outra formación complementaria programada.
- Encargarase da parte administrativa e de xestión do obradoiro.
- Aquelas outras que, con ocasión do desenvolvemento do proxecto, lle sexan encomendadas pola entidade promotora.

**Cuarta.- Requisitos dos aspirantes.**

A persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
- Non ter sido separadas, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitadas para o exercicio da función pública.
- Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas anteriormente.
- Estar en posesión da titulación de Arquitecto ou arquitecto técnico e ter experiencia de 24 meses coa titulación
- Acreditar a competencia docente mediante o certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou co certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego. Estarán exentas de esta acreditación aquellas persoas que cumplan o disposto no artigo 13.1 (apartados a, b, c) do Real decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

En todo caso, as persoas interesadas deberán posuír os ditos requisitos ou estar en condicións de obtelos na data na que se leve a cabo a sondaxe pola oficina de emprego.

## Quinta.- Baremo

### 1. Méritos

Os méritos que serán valorados son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas.

#### I) Experiencia profesional/docente:

- ✓ Experiencia como director/a en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego: 0,50 puntos por cada seis meses completos de traballo ata un máximo de 2 puntos.
- ✓ Experiencia profesional coa titulación ou na ocupación exixida nestas bases para o posto de traballo: 0,25 puntos por cada 6 meses completos de traballo nos últimos 10 anos ata un máximo de 2,5 puntos.

O período mínimo de experiencia profesional exixida para a admisión ó proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

- ✓ Experiencia docente impartindo cursos de formación ocupacional ou como monitor/a en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego : 0,25 puntos por cada 6 meses completos de traballo ata un máximo de 1,5 puntos.

A experiencia profesional acreditarase:

- ✓ no caso de traballador/a por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios, así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases.
- ✓ no caso de traballadores/as autónomo/ass: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Agencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.
- ✓ no caso de traballois realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

#### II) Cursos recibidos:

- ✓ Curso básico de prevención de riscos laborais de 35 horas ata 60 horas: 0,25 puntos.
- ✓ Curso de nivel medio de prevención de riscos laborais de 300 horas: 0,50 puntos.
- ✓ Curso de nivel superior de prevención de riscos laborais de 600 horas: 1,00 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

Soamente se valorará o curso de maior duración, sendo a puntuación máxima neste apartado 1 punto.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso.

#### III) Coñecementos de lingua galega:

- ✓ Curso de iniciación: 0,25 puntos.
- ✓ Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 0,50 puntos.

Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente.

Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se refire aos cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

### 2. Entrevista persoal:

Unha vez valorados os méritos pasarase á celebración da entrevista coa persoa candidata coa finalidade de determinar as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

A puntuación máxima que se pode acadar nesta fase será de 3,5 puntos.

## **Sexta.- Oferta de emprego**

Unha vez constituído o grupo de traballo mixto, e aprobados os criterios de selección das persoas candidatas que van participar no obradoiro de emprego, presentarase a oferta na oficina de emprego de Ribadeo, para a súa tramitación, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

- Ámbito xeográfico: Concellos de A Pontenova, A Fonsagrada e Negreira de Muñiz. De non atoparse candidatos ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 persoas candidatas. Se despois diso áinda non se acadaran as 3 persoas candidatas poderase ampliar a sondaxe a nivel provincial e incluso autonómico.
- Número de postos: 1
- Número de candidatos a remitir: 3 candidatos por posto
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: Arquitecto ou arquitecto técnico
- Requisitos: según bases

A oficina de emprego remitirá ao grupo de traballo mixto a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

As persoas preseleccionadas pola oficina serán convocadas por carta, na que se sinalará o lugar, día e hora á que deberán asistir para realizar a selección, indicándolle así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os seus méritos, así como dunha copia para entregar ao grupo mixto.

A selección terá lugar 10,00 horas do vindeiro 23 de outubro de 2018 na Casa da Cultura do Concello da Pontenova.

Se o grupo de traballo así o acordasse, despois de efectuadas as actuacións que estime oportunas e de remitida a antedita oferta de emprego á oficina de emprego, poderá darlle publicidade a dita oferta mediante a súa exposición nos taboleiros da oficina de emprego e no Concello de A Pontenova

## **Sexta.- Procedemento de selección**

As actividades selectivas terán por finalidade determina-la adecuación das persoas candidatas ao posto de traballo ofertado e consistirán nunha valoración de méritos e na celebración dunha entrevista persoal.

A tal fin, e de conformidade co previsto na base 6ª, os candidatos deberán comparecer provistos da documentación que acredite os seus méritos, co obxecto de que sexa avaliada polo grupo mixto.

Os méritos a valorar no apartado de formación e experiencia profesional previa e a puntuación que poda corresponder a cada un, son os previstos na base quinta. A puntuación total máxima que se poderá acadar na dita valoración de méritos é de ata 7,5 puntos.

A continuación da avaliación dos méritos, e no mesmo acto, o grupo de traballo mixto procederá a entrevistar a cada un dos aspirantes coa finalidade de coñecer as súas capacidades persoais e profesionais para desempeñar o posto de traballo ofertado, entrevista que se valorará cun máximo de 2,5 puntos.

Finalizado o proceso de selección, o grupo de traballo mixto procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas que teñan participado no proceso de cobertura da oferta de emprego; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na valoración de méritos e na entrevista persoal e determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

Terán preferencia as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requerido se atopen en situación de desemprego.

Se todas as persoas candidatas están en situación de desemprego, para dirimir os empates estarase a:

- 1º. Á puntuación obtida no apartado de experiencia profesional/docente.
- 2º. Á puntuación obtida no apartado de cursos recibidos.
- 3º. A persoa de maior idade.

Finalmente, serán obxecto de exposición pública no taboleiro de anuncios do concello de e na súa páxina web as puntuacións finais dos declarados aptos, o nome do candidato proposto para ser contratado pola entidade promotora e a lista de reserva

#### Oitava.- Admisión

A entidade promotora estará obrigada a contratar á persoa que sexa proposta polo grupo de traballo mixto atendendo as puntuacións finais, sempre e cando cumpla os requisitos que figuran nestas bases, para o que deberá aportar á entidade promotora do proxecto para a súa contratación certificado médico oficial, no que se certifique que a persoa interesada non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego " e declaración xurada de non ter sido separada, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitada para o exercicio da función pública.

Non obstante o anterior, si a persoa candidata proposta para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, o grupo de traballo propoñerá a aquel aspirante que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que houbesen superado o proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.

#### Novena.- Incidencias e reclamacións.

As incidencias e reclamacións que puideran derivarse do proceso de selección, presentaranse ante o grupo de traballo mixto para a selección no prazo de 2 días naturais a contar dende o seguinte a publicación das actas e serán resoltas polo grupo de traballo mixto, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

#### Décimo primeira.- Publicidade das bases:

Estas bases deberán de ser expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta, así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web da entidade promotora do obradoiro.

Lugo a 19 de setembro de 2018



Ana María Méndez Enríquez



José Antonio Arruñada Amor



María Dolores Díaz Lorenzo



Francisco Quinza-Torroja García